

BASES PARA A SELECCION E CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL DÚAS BRIGADAS MUNICIPAIS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (6 PEÓNS E 2 PEÓNS CONDUTOR).

1 Obxecto:

Seleccionar, mediante proceso selectivo, o persoal das brigadas municipais de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Rianxo ao abeiro do convenio asinado o 16/06/2014 coa Consellería do Medio Rural e do Mar sendo o comezo da operatividade das brigadas entre os día 1 e 31 de xullo, sen prexuízo da súa demora de 31 días naturais por causas xustificadas, e cunha duración máxima de 3 meses.

2 Modalidade e duración dos contratos:

O modelo de contrato de traballo a utilizar será o de duración determinada, por obra ou servizo determinado. A duración dos contratos non poderá superar o tempo establecido nos decretos de contratación. O contrato será pola xornada semanal que sexa necesaria para a realización das tarefas encomendadas.

3 Requisitos mínimos:

Para seren admitidos a realización das probas, os candidatos deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

Para os **PEÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**

* Os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.

*De conformidade co Decreto do 26 de xullo de 1957 polo que se regulan os traballos prohibidos os menores os aspirantes deben ser maiores de idade.

* Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).

*Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.

Para os **PEÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CON CARNÉ DE CONDUCIR,** será necesario ademais dos requisitos anteriores:

* Posuír o carné de conducir clase B, por entender que garda relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e as tarefas a desempeñar segundo a natureza do posto de traballo, xa que o mesmo, se levará a cabo nas diferentes parroquias pertencentes o concello. (Art. 56.3 EBEP).

4 Presentación de solicitudes:

As solicitudes para a participación no presente proceso selectivo presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo ou en calquera das formas prevista no artigo 38.4º da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no prazo de **3 días hábiles** desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria, polo menos, **nun xornal de difusión comarcal sen prexuízo da súa publicación** no taboleiro de anuncios do Concello, así como na páxina web deste (www.concelloderianxo.es).

No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, sexa nalgún rexistro autorizado da Xunta de Galicia ou nalgunha oficina de correos, será necesario que o xustificante do rexistro sexa adiantado por fax ao núm. 981.843.629, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta. De recibirse ditos avisos esperarase un máximo dun día natural para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a lista de admitidos e excluídos.

Xunto á instancia achegárase para os **PEÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**

- Fotocopia cotexada do documento identificador: DNI, pasaporte ou permiso de condución, ou no seu lugar acreditación de extravío ou subtracción do DNI. Caso de estranxeiros, pasaporte que acredite a súa nacionalidade de existir tratado que o permita, ou NIE de ser nacionais de estados membros da UE así como os seus cónxuxes non separados e descendentes menores de 21 anos e dependentes, ou no resto dos casos, permiso de residencia; todos eles vixentes.
- Xustificantes cotexados dos méritos alegados na base 5.2.
- No caso de que resulte procedente a exención do segundo exercicio previsto na oposición, achegárase copia cotexada do título do Celga 1 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).
- Certificado médico de estar en condicións para executar as probas físicas desta selección, ou no seu defecto, unha declaración responsable nos termos do Anexo I

Para os **PEÓNS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CON CARNÉ DE CONDUCIR**, ademais será necesario presentar:

- Copia cotexada do carné de conducir clase B.
- Anexo III declaración responsable sobre a perda de puntos no carne de conducir das persoas aspirantes a peón condutor.

Os candidatos con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido, e deberán axuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía. Así mesmo, poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, no prazo de 10 días hábiles, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos. A dita resolución será definitiva de non haber

excluídos, e será exposta no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web (www.concelloderianxo.es), relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo **dun día hábil** para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas que se deberán achegar necesariamente de xeito presencial nese prazo ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, debido a urxencia da selección. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

5 Sistema de selección:

5.1 Oposición (Puntuación máxima: 40 puntos)

O apartado de oposición constará de dous exercicios:

1. Proba Física "Field Test": (puntuación máxima 20 puntos)

Consistirá na superación dunha proba física que consistirá en camiñar 3.200 metros sobre terreo plano cun peso de 10 Kg. ás costas, nun tempo máximo de 30 minutos e 0 segundos. Esta proba será única e común para tódalas categorías convocadas e os candidatos que non a superen serán excluídos do proceso selectivo.

Para a realización desta proba os candidatos deberán acudir provistos da súa propia mochila que será cargada e posteriormente pesada en presenza dos candidatos polos membros do tribunal ou técnicos que colaboren na súa realización.

Os candidatos que a superen acadaran unha puntuación adicional de acordo coa seguinte escala:

MULLERES	PUNTUACIÓN	HOMES
TEMPO DE SUPERACION DA PROBA (MINUTOS)		TEMPO DE SUPERACION DA PROBA (MINUTOS)
Menor ou igual a 30' e maior a 29	0 Puntos	Menor ou igual a 30 e maior a 28'30"
Menor ou igual a 29 e maior a 28	5 Puntos	Menor ou igual a 28'30" e maior a 27
Menor ou igual a 28' e maior a 27	10 Puntos	Menor ou igual a 27 e maior a 25'30"
Menor ou igual a 27' e maior a 26	15 Puntos	Menor ou igual a 25'30" e maior a 24
Menor ou igual a 26	20 Puntos	Menor ou igual a 24

2. Exercicio de coñecementos relacionados co posto (puntuación máxima 20 puntos)

Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista neste.

A proba consistirá na realización dun cuestionario de 50 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo dunha

hora, encamiñada a determinar o grao de coñecemento da xeografía do Concello de Rianxo, así como sobre outras materias relacionadas coas funcións a desenvolver, e será común para ámbalas dúas categorías de peóns. O exame tipo test terá tres alternativas de resposta das que só unha será considerada válida. Por cada catro respostas erradas descontarase unha correcta, non descontándose nada polas preguntas non respondidas.

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 27 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total.

Só serán baremables os méritos adquiridos ata o día, inclusive, da publicación do anuncio da convocatoria.

Toda a documentación que o candidato pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que ser achegada durante o prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración a aportada con posterioridade ó remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fóra de prazo.

5.2.1.- Experiencia: (puntuación máxima 20 puntos)

A experiencia profesional na categoría deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de Vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade social e ca fotocopia cotexada dos contratos de traballo.

No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

A experiencia profesional valorarase ata un máximo de 20 puntos, segundo o seguinte baremo:

1. Por cada mes completo de servizos prestados en tarefas de prevención e extinción de incendios en calquera Administración ou en empresas públicas dependentes das mesmas:
 - a. Na categoría correspondente á que se opta: 1 punto.
 - b. En categorías distintas as que se opta: 0,5 puntos
2. Por cada mes completo de servizos prestados en tarefas de prevención e extinción de incendios en empresas privadas:
 - a. Na categoría correspondente á que se opta: 0,50 puntos.
 - b. En categorías distintas as que se opta: 0,25 puntos

5.2.2.- Cursos de formación relacionados coas funcións a desenvolver (puntuación máxima 5 puntos)

Este apartado acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas:

Para os **peóns de extinción de incendios**:

1. Formación en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto
2. Formación en materia de Prevención de Riscos Laborais:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto
3. Cursos relacionados coa "Seguridade e Mantemento de Maquinaria Forestal" que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora:
 - De 20 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto

Para a categoría de **Peón condutor** ademais valorarase :

1. Curso de "Condución de Vehículos Todoterreo" cunha duración mínima de 30 horas, que se acreditara mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa
 - De 30 a 60 horas: 0,25 puntos
 - De 61 a 100 horas: 0,50 puntos
 - Máis de 100 horas: 1 punto

5.2.3.- Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

Segundo o establecido na disposición adicional segunda da orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146 do 30 de xullo de 2007) para o acceso e a valoración de méritos na función pública terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos cursos de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 (oral, iniciación e perfeccionamento) que as certificacións de aptitude dos Celga.

5.2.4.- Situación socioeconómica

A situación socioeconómica puntuarase con arranxo o seguinte baremo que será recollido nunha declaración responsable que deberán asinar as persoas candidatas, segundo o Anexo II, a devandita documentación achegarase no momento da realización da proba escrita para a súa avaliación:

SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA E FAMILIAR (puntuación máxima 1,5 puntos)

- 1) Número de membros da unidade familiar:
 - ata 2 membros: 0 puntos
 - ata 3 membros: 0,10 puntos
 - ata 4 membros: 0,25 puntos
 - mais de 4 membros: 0,50 puntos
 - monoparental con 1 fillo: 0,25 puntos
 - monoparental con mais dun fillo: 0,50 puntos
- 2) Nivel de protección por desemprego:
 - perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos
 - non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos
- 3) Antigüidade como demandante de emprego:
 - de 6 a 12 meses: 0,25 puntos
 - mais de 12 meses: 0,50 puntos
- 4) Por ter recoñecida discapacidade igual ou superior ó 33% (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto): 0,25 puntos. Acreditarase mediante copia cotexada do ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.
- 5) Pola súa pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,25 puntos. Acreditarase mediante informe dos servizos sociais.

5.2.5. Exercicio de galego: Este exercicio será valorado como APTO ou NON APTO

Este exercicio o realizarán aqueles aspirantes que resulten seleccionados e os suplentes que non estean exentos da realización do mesmo.

Estarán exentos de realizar este exercicio as/os aspirantes que acrediten, mediante orixinais ou fotocopias cotexadas e dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, que posúen o Celga 1 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión de selección ditará resolución na que convocará ós candidatos que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

O exercicio consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 5 minutos.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto.

A actuación dos candidatos levarase a cabo por orde alfabética segundo o establecido no sorteo publicado na resolución do 29 de xaneiro de 2014 da Consellería de Facenda e que establece para o presente ano empezar

por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “B”.

Os candidatos serán convocados en único chamamento que se fará público a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do Concello, sendo excluídos os que non comparezan, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

O tribunal comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental desta aos efectos oportunos.

6 Selección dos candidatos:

O Tribunal formado como prescribe o artigo 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, efectuará a selección conforme se describe no punto quinto destas bases.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocadora, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dean calquera das citadas circunstancias.

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, debendo estar presente, en todo caso, o/a presidente/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os/as substitúa.

O tribunal, na súa actuación, axustarase ao establecido nas presentes bases; no non disposto seralle de aplicación a normativa prevista para a formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na lei 30/1992 do 26 de novembro como na demais normativa de aplicación.

Rematado o proceso de selección o Tribunal relacionará os aspirantes en orde de maior a menor puntuación e propondrá dúas listas (unha de peóns de extinción de incendios e unha de peóns condutores) ao Sr. Alcalde para a realización das oportunas contratacións.

Das anteditas listas, incluíranse unha relación de aspirantes (18 no caso de peóns e 6 no caso de peóns condutores) por orde de prelación que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non se incluíran na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por goce de permisos regulamentarios, necesidades do servizo, etc ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia do seleccionado/a, segundo a orde de maior puntuación obtida.

Como requisito previo á contratación as persoas aspirantes, realizarán o preceptivo curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais e o correspondente recoñecemento médico, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

No caso de que a persoa aspirante non reunise os requisitos necesarios para a contratación poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo ata a finalización do que reste do programa de contratación, de ser o caso, situación que tamén poderá suceder no caso de ser necesario cubrir algunha

praza por razóns de baixa, enfermidade, etc utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada suposto.

De producirse empates, estes resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación na fase de oposición
- b) Maior puntuación no concurso
- c) No caso de persistir o empate terán preferencia as mulleres por tratarse dun sector con subrepresentación feminina, ao abeiro do artigo 37 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.
- d) En ultimo lugar, resolverase mediante sorteo público

7 Chamamentos ás persoas aspirantes:

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.

8 Situación nas listas:

Os integrantes das listas resultantes que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a ela, perderán os seus dereitos quedando excluídos destas. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo realizada pola persoa contratada.

9 Interpretación das bases:

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases.

Rianxo, 08 de xullo de 2014

O alcalde

Adolfo Muíños Sánchez